



CONCELLO DE BUEU

ANUNCIO RESULTADO PROVISIONAL E PROPOSTA DE CONTRATACION PROVISIONAL DE 4 PEÓNS DE OBRAS E SERVIZOS BENEFICIARIOS DA RENDA DE INTEGRACIÓN SOCIAL DE GALICIA (RISGA) PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INCLUSIÓN.

A Secretaria procede a comprobación da documentación aportada por cada un dos aspirantes así coma o informe do Departamento de Servizos Sociais de data 01.07.2022. Candidatos enviados polo Servizo Público de emprego segundo a oferta formulada polo Concello de Bueu para a contratación laboral temporal de catro persoas desempregadas beneficiarias da RISGA para prestación do Servizo de inclusión (12/2022/7022), subvencionado pola Consellería de Emprego e Igualdade.

ORDE	ASPIRANTE
1	LAGARA CAMELIA
2	PARADA CAPELO JESUS
3	RODRIGUEZ JUNCAL LINA ANGELITA
4	SILVA SOTO OSCAR

O tribunal dacordo coa Base 9º do procedemento de selección mediante o concurso dos méritos que resultan valorables segundo a Base 10ª que de seguido transcribo

1. Circunstancias persoais

*Por ter a cargo o conxuxe ou parella de feito ou similar (que se acredite como carga no informe de Servizos sociais do Concello), fillos e fillas que convivan no domicilio do/a solicitante: 0,5 puntos por cada un/ha.

* Por ser maior de 45 anos: 0,5 puntos

* Por ter asignado un proxecto de inserción de carácter laboral: 0,50 puntos

* Por levar máis dun ano cobrando a RISGA contado ata a data de presentación da oferta na oficina de emprego: 0,50 puntos

2. Formación especializada

*Pola participación en cursos de postgrao, másters, cursos, xornadas, congresos, seminarios ou impartición dos mesmos, organizados por organismos públicos ou por empresas privadas, tendo neste último caso que estar os cursos debidamente homologados ou avalados por un organismo público, sempre que teñan relación directa coas funcións propias da praza que se convoca, ata un máximo de 1,75 puntos (baremados a razón de 0,01 puntos por cada hora de curso ou xornada)

No suposto de que non exista constancia da duración dos cursos ou xornadas, os mesmos valoraranse a razón de 0,01 puntos.

No suposto de que non todas as materias impartidas no curso ou xornada teñan relación co posto ao que se opta, valorarase a razón de 0,01 puntos independentemente do número de horas.

Será necesaria documentación acreditativa do contido dos cursos recibidos ou impartidos, cando este non se deducise da propia denominación dos cursos. Cando se presenten xustificacións de cursos con contidos substancialmente similares, só se valorará o de maior duración.



Para a acreditación destes méritos terá que achegarse documentación xustificativa de ter finalizado o curso, mediante copia de certificado, de diploma expedido pola entidade organizadora ou de informe emitido pola persoa responsable ou coordinadora do curso (calquera das tres xustificacións é válida).

No suposto de que o curso non se rematara por abandonalo por colocación, ou porque aínda se estea impartindo, entón puntuaranse os módulos terminados satisfactoriamente, en funcións das horas asistidas.

Para xustificar a impartición de cursos ou asistencia a xornadas, deberá presentarse documentación acreditativa de dita impartición (certificado da entidade para a que se actuou coma docente, cos datos da persoa interesada, e do curso –título, materias impartidas, datas e horas de impartición).

3. Outra formación:

3.1 Polo coñecemento acreditado do idioma galego (só se valorará o grao superior alegado):

→Para o posto de Peón:

Certificación de aptitude do Celga 2: 0,15 puntos.

Curso de iniciación ao galego ou Celga 3: 0,20 puntos.

Curso de perfeccionamento ou Celga 4: 0,25 puntos.

Celga 5 ou equivalente: 0,30 puntos.

* Polo permiso de condución clase B: 0,15 puntos.

* Polo permiso de condución clase C: 0,30 puntos.

* Polo curso de prevención de riscos laborais (só se valorará o de maior puntuación)

Curso básico: 0,10 puntos

Curso intermedio: 0,15 puntos.

Curso superior: 0,20 puntos.

Para a acreditación destes méritos terá que achegarse certificación ou copia do diploma expedido pola entidade organizadora. **En ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificadas**

O tribunal procede o estudo da documentación presentada por cada un dos aspirantes, resultando a seguinte puntuación:

ORDE	ASPIRANTE	CIRCUNSTANCIAS PERSOAIS	FORMACIÓN	PUNTUACION TOTAL
1	LAGARA CAMELIA	1,5	0,06	1,56
2	PARADA CAPELO JESUS	1	1,11	2,11
3	RODRIGUEZ JUNCAL LINA ANGELITA	1	0	1
4	SILVA SOTO OSCAR	1,5	0,25	1,75

4º.- PROPOSTA DE CONTRATACION A FAVOR DOS ASPIRANTES QUE ACADARON A MAIOR PUNTUACIÓN FINAL COMA PEON DE OBRAS E SERVIZOS.

ORDE	ASPIRANTE
1	PARADA CAPELO JESUS
2	SILVA SOTO OSCAR
3	LAGARA CAMELIA



4	RODRIGUEZ JUNCAL LINA ANGELITA
---	--------------------------------

As persoas propostas serán contratadas baixo a modalidade de contrato de mellora da ocupabilidade e a inserción laboral para a prestación do Servizo de inclusión, cunha xornada do 75% da xornada ordinaria de traballo establecida en 37,5 horas semanais, que se prestarán en horario que se distribuirá segundo as necesidades e organización do servizo, en quendas de maná ou tarde, todos os días da semana, cos descansos que regulamentariamente correspondan durante un periodo de 9 meses coma peóns de obras e servizos.

Logo do anterior, o Tribunal acorda publicar o resultado anteriormente exposto e conceder o prazo de un (1) día hábil, sera o xoves 7 de xullo de 2022, o horario de atención o público do rexistro será de 8:30 a 13:30 horas, para a presentación de reclamacións e alegacións oportunas.

O Tribunal acorda, **por unanimidade, que o medio de presentación de reclamacións ou alegacións sexa única e exclusivamente por estas dúas vías:**

- **Presencialmente no Rexistro do Concello en horario de 8:30 a 13:30 horas de luns a venres.**
- **Sede electrónica**

Rematado o prazo de alegacións e de non presentarse ningunha reclamación ou alegación considerárase elevado a definitivo a valoración dos méritos así como a proposta de contratación.

As persoas seleccionadas deberán presentar a seguinte documentación no prazo de 3 días hábiles (**11, 12 e 13 de xullo de 2022**) a contar dende o seguinte en que sexa publicada a proposta de contratación:

- 1.- Informe médico ou certificado acreditativo
- 2.- Declaración xurada (anexo III)
- 3.- Copia tarxeta sanitaria ou número de afiliación a Seguridade Social.
- 4.- Número de conta bancaria para o ingreso da nómina.

